



"Coida a túa lingua"

BASES DO CONCURSO

OBXECTO:

Identificar e corrixir os erros de lingua presentes nos dez carteis pegados nos corredores do instituto e no vídeo de Miguel Santalices (presidente do Parlamento de Galicia) que se encontra no web de Normalización do centro.

PROCEDEMENTO e PRAZO:

Os erros, coas súas correspondentes correccións, deberán consignarse nunha ficha que se poderá descargar do web de Normalización ou que se poderá solicitar ao profesorado de Lingua galega e literatura. Resultará gañador quen corrixa o maior número de erros. As formas correctas identificadas como erros contarán negativamente. En caso de empate, o/a gañador/a decidirse por sorteo.

A ficha deberá ser entregada antes do 15 de abril.

CATEGORÍAS:

- Categoría A: Alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO
- Categoría B: Alumnado de 4º da ESO e Bacharelato
- Categoría C: Profesorado e persoal non docente

PREMIOS:

- Categoría A: Unha camiseta (a elixir) da marca Rei Zentolo
- Categoría B: Unha camiseta (a elixir) da marca Rei Zentolo
- Categoría C: Unha palmadiña no lombo e unhas palabras de recoñecemento